

Poetízate

Poesía para aprender e gozar



RAMÓN NICOLÁS

A arredor da difusión da poesía artéllanse moitos lugares comúns, que son ben sabidos, e un deles é o de ser un xénero que non conta con numerosos afeccionados, aínda menos na actualidade, e nunha proporción talvez menor entre as promocións máis novas de lectores. Afirmación que se vén reiterando unha e outra vez desde hai ben tempo e que se cadra cómpre relativizar pois, cando este xénero o foi de maiorías? Con todo, malia o paso de tempo, aí a está e, entre nós, gozando dunha saúde envexable.

Aínda así, para potenciar, no posible, o seu achegamento á mocidade pero tamén a aqueles que, por desemeallantes razóns, nunca puideron ou quixeron achegarse ao xénero lírico, publícase este libro baixo a responsabilidade, como editor e compilador, do narrador e poeta Fran Alonso. Un libro que non pretende, nin moito menos, obrigar a ler poesía a ninguén pois esta é unha decisión que ha tomarse, para ser efectiva, desde a propia autonomía do individuo, e aínda máis cando a poesía, como atinadamente se sinala no libro, abonda con que se goce e, por veces, con que se intúa. Ademais, este volume ten a vantaxe de converterse, ao

Fran Alonso, daquela, aplica un criterio de antólogo e, como tal, deita ou compila aqueles poemas que, inseridos na nosa tradición máis recente, considera máis axeitados ou acaídos para demostrar a variedade epocal, autorial e de estilos e opcións, mais sobrancea a escollo con propostas atractivas, por veces sorprendentes, e que poden establecer un elo ou unha relación máis contemporánea tanto coa sensibilidade coma coas preocupacións dos lectores de hoxe, sen esquecer tampouco o criterio da

Os limiares e epílogos dos libros, en ocasións, resultan prescindíbeis. Neste caso penso que non é así, pois neses dous espazos explícase, en primeiro lugar e polo miúdo, cal foi a intención do seu traballo e cales as expectativas que nel depositou. Despois, tras as dúascentas composicións dos case que oitenta autores escollidos, conclúese nunha denominada “visita guiada” desde a

TRÁTASE DUNHA
MAGNÍFICA OCASIÓN
PARA ENSINAR A
LER POESÍA, PARA
MERGULLAR NA
EMOCIÓN DOS VERSOS

meu xuízo, nunha magnífica ocasión para que si se poida ensinar a ler poesía, para lela en voz alta e, se é mester, que para que se poida contribuír a entendela nalgũa medida e deixarse levar por aquilo que parece querer expresar.

Por outro lado, o volume resulta extraordinariamente operativo para achegarse a unha ampla panorámica da poesía galega contemporánea desde o século XIX até a actualidade; velaí, así pois, desde poemas aurais de Rosalía, Curros e Pondal, ás voces máis salientábeis de todo o século XX –Manuel Antonio, L. A. Carballo, Acuña, Cunqueiro, Cabanillas e un longo etcétera–, até internarnos nas grandes liñas plurais e heteroxéneas da poesía de arestora.



que Fran Alonso se achega, cunha perspectiva sinxela, intuitiva e motivadora, aos máis destes poemas.

intelixibilidade. Xa que logo constrúese un mundo aberto de suxestións en forma de verso lonxe de aplicar unha visión estritamente académica ou mesmo canónica, incluso en parte alleo ao que poderían ser opcións estéticas máis do gusto do editor; malia que unha antoloxía, polo feito de recibir tal denominación, sempre posúa, na súa inherencia, certa intención canónica, aínda que nesta ocasión o sexa para o amplo espectro de lectores que o libro agarda.

Fran Alonso confesa, no amentado limiar, que o obxectivo de *Poetízate* –por outro lado un magnífico achado o deste título– é o “de atrapar a ti, lectora, lector, nas garras da poesía; entusiasmar a quen se adentra nela con certo temor”. Unha iniciativa que se xa agroma desde esta perspectiva iluminante e nobre só pode, realmente, entusiasmar.

ALONSO, Fran, *Poetízate. Antoloxía da poesía galega*, Ed. Xerais, Vigo, 2006, 294 páxinas